

Seminario

Museos, feminismos, canon

Xoves 30 de marzo, de 16:00 a 20:30 h
Edificio Castelao

Entendidos como dispositivos para a produción de coñecemento e, polo tanto, para a reprodución das relacións de poder, os museos lexitiman e permiten a continuidade da orde social. Como espazos de representación, debuxan unha forma concreta de ver a realidade dentro da orde androcéntrica que caracterizou a interpretación do pasado e do sistema da arte, un discurso oficial que esixe, por unha banda, analizar e transformar as estruturas e, por outra, buscar outro canon para reconfigurar os relatos e a mirada. Pensar nos museos desde o feminismo significa deconstruír tanto a institución como o canon, desenvolver historias situadas e formas de relación e de goberno horizontais, participativas e inclusivas, baseadas no diálogo e no intercambio. É dicir, abordar os prexuízos e a reprodución dos estereotipos de xénero, clase e raza que persisten na sociedade, na historiografía e na arqueoloxía.

O seminario 'Museos, feminismos, canon' pretende suscitar un debate sobre a institución museo, as súas representacións e as súas exclusións, utilizando a perspectiva feminista para estudar como se perpetuou o discurso hexemónico e para cuestionar a reprodución de complexas relacións de poder que estas narracións representan. Ao mesmo tempo, o programa do seminario responde ao interese do Museo de Pontevedra por formular unha idea de museo inclusivo e igualitario que incorpore transversalmente o feminismo, tanto nos discursos como nos espazos. Pódense transformar os museos a partir da crítica e da epistemoloxía feministas? Cales son esas formas de facer? Haberá que revisar os relatos, as políticas de adquisición e exposición, os modos de relación? Cal é o obxectivo final?

16:00. Presentación do seminario

- José Manuel Rey. Director do Museo de Pontevedra

16:10-17:00. Conferencia. Museos, museos, museos desde o feminismo

- Lourdes Méndez Pérez. Catedrática de Antropoloxía da Arte, Universidad del País Vasco

Sexa etnográfico, arqueolóxico, de artes e tradicións populares, tecnolóxico, de belas artes, de arte contemporánea, todo museo fai seu un sistema clasificador a partir do que diferencia e xerarquiza categorías de obxectos, de técnicas e de produtores. Da obra única ao obxecto múltiple, do artista ao artesán, da apreciación estética á técnico-cultural, os diferentes museos adquiren obras, que primeiro ordenan e logo exhiben, a través das que nos contan unha historia -da arte, da cultura, da ciencia- apoiándose en saberes científico-sociais etnocéntrica e androcentricamente nesgados. Para pensar a institución museo desde o feminismo hai que inserila nos campos

da arte e da cultura locais e internacionais; e examinar o armazón clasificador subxacente visibilizando os seus implícitos, os seus rumbos e as súas consecuencias para quen foron categorizados como "outros" e para as súas obras. Tras realizar ese traballo poderemos reflexionar sobre como unha política cultural feminista é indispensable para transformar a narrativa histórica excluínte que constrúe, exhibe e sacraliza unha das institucións estelares da Modernidade occidental; e para alcanzar o obxectivo que se expuxo a nivel internacional a finais dos sesenta do pasado século, a saber, democratizar a arte e a cultura.

Lourdes Méndez Pérez é filla, neta e bisneta de galegos e naceu en Donostia-San Sebastián. Estudou na Universidade de Paris VIII, desembocando a súa primeira investigación na tese *Cousas de Mulleres. Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940-1980)* (Anthropos, Barcelona, 1988). Logo de doutorarse, incorporouse como docente á Facultade de Belas Artes da Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, onde ocupou os cargos de vicedecana de investigación e III Ciclo e de vicedecana de Relacións Internacionais. O seu traballo docente conduciu a interesarse pola análise antropolóxica do campo da arte contemporánea desde unha perspectiva feminista materialista. Resultado dese interese son libros como *Antropología de la producción artística* (Síntesis, Madrid, 1995); *Os Labirintos do Corpo. Manipulacións ideolóxicas, saberes científicos e obras de arte* (A Nosa Terra, Vigo, 1998); *La antropología ante las artes plásticas. Aportaciones, omisiones, controversia*, (CIS/Siglo XXI, Madrid, 2003); *Cuerpos sexuados y ficciones identitarias. Ideologías sexuales, deconstrucciones feministas y artes visuales* (IAM, Sevilla, 2004); *Galicia en Europa. El lugar de las artes plásticas en la política cultural de la Xunta* (do Castro, A Coruña, 2004); *Antropología del campo artístico. Del arte primitivo [...] al contemporáneo* (2009). Así mesmo, adentrándose na análise crítica da teoría antropolóxica, publicou *Antropología feminista* (2007) e *Siete claves para una introducción a la antropología* (2019). Tamén publicou numerosos capítulos en libros e artigos en revistas, e colaborou coas revistas feministas galegas *Andaina* e *Festa da palabra silenciada*.

17:00-17:50. Conferencia. Unha mirada crítica aos museos arqueolóxicos. Unha reflexión desde a arqueoloxía feminista

- Lourdes Prados Torreira. Catedrática de Arqueoloxía, Universidad Autónoma de Madrid

A interpretación do pasado sofre dos rumbos androcéntricos da investigación e esta, á súa vez, reflíctese nos museos arqueolóxicos nos que, maioritariamente, se invisibiliza ás mulleres, ás que non se considera parte activa das súas comunidades. E todo iso, sen ningunha base científica. Nesta conferencia propoñeremos que os museos poden e deben ser espazos abertos e inclusivos de reflexión, no que todos e todas poidan verse representados como individuos activos na construción cultural do pasado, como un paso indispensable para construír unha sociedade máis igualitaria no presente.

Isto é posible cunha nova mirada ao rexistro arqueolóxico, sempre partindo de investigacións científicas rigorosas. Con este obxectivo exporemos cales son, na nosa opinión, os comportamentos xerais dos museos arqueolóxicos á hora de incluír ou non a perspectiva de xénero nas súas institucións, que debilidades e fortalezas observamos neles, e que pautas cremos que axudarían a conseguir uns museos máis igualitarios, sempre sen renunciar ao rigor científico da investigación arqueolóxica.

Lourdes Prados Torreira é catedrática de Arqueoloxía no Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía da Universidad Autónoma de Madrid. A súa investigación especializouse na Protohistoria do Mediterráneo e na arqueoloxía feminista, centrando a súa análise na arqueoloxía do culto en época íbera e na perspectiva de xénero nos museos arqueolóxicos. Desenvolveu a súa investigación en diversos países, como Italia, Estados Unidos e México. Nos últimos anos incorporouse ao equipo ABERIGUA que desenvolve a súa investigación arqueolóxica na illa de Guam (Illas Marianas). É membro da rede de investigadoras Pastwomen e do grupo europeo Archaeology and Gender in Europe (AGE). Foi IP de varios proxectos de investigación nacionais e conta con numerosas publicacións. Interésalle especialmente a transferencia da investigación á sociedade.

17:50-18:10. Descanso

18:10-19:00. Conferencia. As artistas nos relatos museográficos

- Concha Lomba Serrano. Catedrática de Historia da Arte, Universidad de Zaragoza

Se durante anos as mulleres artistas foron obxecto dun ominoso silencio relegándoas a un papel, cando menos, subsidiario respecto dos homes, os museos, en tanto que as institucións artísticas por excelencia que sancionan a calidade, non foron alleos ao devandito proceso. É máis, contribuíron a iso omitindo dos seus discursos museográficos ás creadoras, pertencen a unha ou outra época, a un ou outro país, adscribíanse a unha ou outra poética. Os museos tamén teñen xénero, e

sempre foi masculino. E cando transcorreron case corenta anos desde que as Guerilla Girls comezasen a súa concienciada e eficaz denuncia desde as rúas de Nova York criticando a falta de produción artística das mulleres en tan doutas institucións, son poucos os museos que iniciaron novos relatos desde a perspectiva de xénero. En consecuencia, é necesario atallar semellante situación para que as mulleres non deban estar espidas para entrar nos museos.

Concha Lomba Serrano é catedrática de Historia da Arte e conservadora do Corpo Facultativo de Museos. Tras traballar no Museo Español de Arte Contemporáneo e no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid (1987-1992) e solicitar a súa excedencia voluntaria, incorporouse á Universidad de Zaragoza. Desde 2009 dirixe o grupo de investigación de referencia Vestigium e desde 2019 o Instituto Universitario de Investigación en Patrimonio e Humanidades. A súa investigación vertebrouse en torno á arte contemporánea esencialmente, cunha clara vocación polas construcións sociais, e arredor do patrimonio cultural, publicando case dous centos de traballos científicos entre libros e artigos referidos esencialmente ás vangardas artísticas. Ao mesmo tempo, foi comisaria de diferentes exposicións temporais —*Goya e il mondo moderno* en 2010, ou *Hacia poéticas de género. Mujeres artistas en España, 1804-1939*—, organizou cursos e congresos —as seis edicións dos simposia *Reflexiones sobre el gusto* por exemplo—, e impartiu conferencias en distintas cidades europeas. O seu interese polos estudos de xénero, polo espazo ocupado polas mulleres na escena real da arte e a súa achega ao universo artístico colectivo, propiciou diferentes publicacións —*Bajo el eclipse. Pintoras en España, 1880-1939* (CSIC, Madrid, 2019); ou *Las mujeres en el sistema artístico, 1804-1939* (Prensas de la Universidad de Zaragoza, Zaragoza, 2023)— e exposicións temporais como as xa citadas ou *Pintoras en España 1876-1926. De María Luisa de la Riva a Maruja Mallo*, Universidad de Zaragoza, 2014. Froito dese interese é tamén o proxecto de I+D+i que lidera na actualidade: *Las artistas en la escena cultural española y su relación con Europa, 1803-1945*; ou a recente base de datos que dirixe sobre o mesmo tema.

16:10-17:00. Debate: Ideas para un museo feminista

- Modera: Fátima Braña. Profesora de Antropoloxía Social, Universidade de Vigo
- Participan: Lourdes Méndez Pérez, Lourdes Prados Torreira, Concha Lomba Serrano

Fátima Braña Rey cursou a licenciatura en Socioloxía na Universidad Complutense de Madrid, realizou a súa tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela dentro do programa de Antropoloxía aplicada. Tras presentar a tese de doutoramento na análise do desenvolvemento e organización do Museo do Pobo galego, incorporouse como docente na Universidade de Vigo. O seu campo da investigación céntrase na análise do patrimonio cultural en Galicia e se materializa na contribución en congresos, artigos e capítulos de libros. Ten realizado achegas en relación coa análise de xénero sobre as actuacións patrimoniais, e como docente participa desde 2007 nas actividades da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo promovendo, coordinado ou avaliando actividades de sensibilización ou docentes que inclúen a perspectiva de xénero.

Organiza:



Colabora:

Universidade de Vigo